

ANÁLISE DAS WEBS MUNICIPAIS GALEGAS

Observatorio da Cultura Galega
Consello da Cultura Galega

INTRODUCCIÓN

Internet está a cambiar de forma drástica a relación existente entre os cidadáns e a Administración. A incorporación das novas tecnoloxías a esta abre novas portas para que se adopten outras posturas, reflexións estratéxicas e o desenvolvemento de sistemas de información que revertan nun aumento da efectividade, eficiencia e transparencia da Administración. Isto supón un verdadeiro esforzo de cambio e adaptación, unha vontade explícita para transformar a organización e xestión interna actuais.

Por suposto, os cidadáns deben ter un papel activo e protagonista neste reto; a participación cidadá na administración dixital é necesaria, pero non será posible sen ter cubertas previamente unhas mínimas necesidades informativas por parte da administración local.

O desenvolvemento da sociedade da información, no ámbito da administración local, é fundamental pola proximidade desta ao cidadán. É por iso que unha implantación proxectada con éxito redundará en beneficios para o concello e mais para o cidadán. Os cidadáns terán facilidades de acceso á información, reducindo tempo e esforzos investidos na administración. Esta, pola súa vez, abrirá unha nova canle de interacción e comunicación coa cidadanía e prestará servizos de forma rápida, eficiente e clara.

Entre as prioridades anteriormente mencionadas tamén se debe salienta a información e os servizos de carácter cultural. É necesario mostrar o esforzo que o concello realiza co fin de chegar aos seus veciños e visitantes á realidade cultural existente no municipio.

PARTE I. METODOLOXÍA E ANÁLISE XERAL

1 PRESENTACIÓN

O estudo que se presenta hoxe aquí ten como obxectivo principal recoller información, analizar e avaliar os sitios web oficiais dos concellos galegos presentes na rede. Estudouse tamén o nivel de desenvolvemento da participación cidadá, dos servizos en liña e o grao de implantación da administración electrónica en Galicia.

a) Tipo de investigación

- Investigación baseada na observación directa dende a páxina web.
- Recollida de información mediante un formulario en que se anotou a existencia ou carencia dos diferentes indicadores que se estudaron. Así mesmo, creouse outro formulario en que se anotou a presenza ou ausencia dos indicadores culturais máis salientables.
- Non foi posible un posterior envío dos datos recollidos nos formularios aos respectivos concellos para contrastar a información, polo que é posible que exista algunha contradición en casos específicos.

b) Ámbito da análise

- Os 315 concellos galegos.

c) Datas de realización do traballo

- Entre finais de decembro de 2003 e abril de 2004 con algún labor de revisión no mes de maio.

d) Mostra

- A mostra deste estudo é de 150 páxinas web.
- Desbotouse a posibilidade de dedicar unha sección para analizar os concellos galegos máis poboados pola existencia de varios traballos que os estudan en profundidade.

2 METODOLOXÍA

Os pasos que se seguiron na realización do presente traballo foron os seguintes:

1. Realizouse unha cala previa por algunhas webs oficiais

Dende que se propuxo a idea de levar a cabo un estudo sistemático e en certa profundidade das webs municipais galegas e a presenza cultural nestas en decembro do ano 2003, realizouse un pequeno labor de revisión das webs oficiais para encamiñar o estudo e atopar uniformidade na recollida de datos.

2. Buscouse bibliografía e experiencias similares e definíronse os ítems que se utilizaron

Ao mesmo tempo, indagouse na rede á procura de bibliografía e estudos cun carácter semellante que nos servisen de apoio e referencia. Nesta etapa atopáronse dous traballos de bastante interese; un era un estudo xeral e outro era un estudo máis concreto, polo que forneceron unha base sólida a partir da cal se puido iniciar o estudo das webs municipais galegas.

O primeiro traballo atopado foi o da Fundación Auna, cun extenso informe titulado *e-España 2003* (a Fundación Auna forma parte do Grupo Auna; o seu obxectivo é contribuír á sociedade da información con estudos, análises e proxectos I+D). Concretamente resultou de utilidade o capítulo dedicado á «e-Administración».

O segundo traballo é un estudo titulado *Los municipios de La Vega Baja en la red*, realizado por CONVEGA (Confederación de La Vega Baja, creada no ano 1997 para o desenvolvemento local e a implantación das novas tecnoloxías na comarca).

3. Localizáronse as primeiras páxinas utilizando fontes oficiais

Neste punto salientouse o feito de que atopar un enderezo dunha web oficial de calquera concello é un traballo complicado. Non existe unha nomenclatura uniforme ou estandarizada dos enderezos web que nos leve á devandita páxina.

Pero tamén resulta moi complexo dar cunha páxina web en calquera servizo de busca. Tanto a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) como Eido Local teñen unha base de datos co enderezo web dos concellos galegos. Desgraciadamente, esta información resultou ser incompleta e, nalgúns casos, incorrecta.

4. Elaborouse unha ficha extensa cos ítems definidos previamente

Creouse unha extensa ficha en Access que puidese cubrir con facilidade todas as necesidades á hora de analizar unha páxina web. Os ítems que se manexaron para a avaliación das páxinas web foron uns 80.

5. Enchéronse as primeiras enquisas, reelaborándose algúns campos e deixáronse outros por falta de material e de tempo

Neste punto deixáronse, entre outras, categorías como o «Test de Accesibilidade Web» (TAW¹), que comproba se hai problemas graves de accesibilidade no cumprimento das regras básicas de accesibilidade desenvolvidas polo WAI (*Web Accessibility Initiative*²). Outros elementos como a posibilidade de personalizar a páxina de inicio (que se permite parcialmente tan só na páxina do concello da Coruña) ou información persoal de trámites, Seguridade Social, información tributaria... excluíronse da análise pola súa ausencia case total nas webs municipais.

6. Buscáronse fontes secundarias para dar co máximo número posible de webs oficiais dos concellos

Despois de buscar nas páxinas da FEGAMP e de Eido Local, realizáronse pescudas nas deputacións provinciais, en Google.com, en Concellos.info, Vieiros.com, CRTVG.es, Ibercultura.com e noutras páxinas e directorios. Finalmente reali-

1. Na páxina web www.tawdis.net pódese atopar o programa para valorar a accesibilidade das páxinas web, algunha bibliografía, noticias e mais diversa lexislación sobre a accesibilidade.

2. <http://www.w3.org/WAI/>

zouse algún contacto por correo electrónico e chamadas telefónicas a algúns concellos.

7. Comparabilidade: Asturias

Buscáronse elementos de comparabilidade noutro traballo de similares características a este, publicado por SI-Loc@l, un proxecto da iniciativa EQUAL financiado pola Comisión Europea e o Goberno do Principado de Asturias. Neste proxecto analizáronse 27 servizos en 52 concellos, a case totalidade deles son idénticos aos analizados neste estudo, polo que a comparabilidade é ampla. Móstranse ao longo do traballo algúns dos elementos coincidentes.

8. Elaboración das fichas


Tendo como referentes os traballos de La Vega Baja e o da Fundación Auna, seleccionáronse sete ámbitos temáticos para a primeira parte do estudo:

- a) Información xeral do concello.
- b) Entidades e equipamentos do concello.
- c) Organización interna e institucional do concello.
- d) Funcións e servizos do concello: este apartado desagregase en servizos por área, servizos por grupos de persoas e servizos urbanos.
- e) Navegación e deseño da web municipal.
- f) Participación cidadá.
- g) Administración virtual.

3 ANÁLISE XERAL DAS PÁXINAS OFICIAIS ATOPADAS

O presente traballo analiza as webs municipais oficiais de 150 concellos galegos dos 315 existentes. A dificultade de dar con todas as páxinas web nun único directorio fainos supoñer que deben existir algunhas páxinas web que non puideron atoparse, aínda que o baleirado das fontes de información da rede foi o suficientemente extenso como para asegurar un número bastante aproximado á realidade.


Gráfico 1. Porcentaxe de concellos galegos con páxina oficial



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

O 47,6% dos concellos galegos, un total de 150, teñen unha web municipal de carácter oficial. O dato, a pesar de estar lonxe de achegarse ao doutras provincias (como Asturias, con dous terzos dos seus concellos con páxina oficial), é bastante bo se temos en conta que o 61% dos concellos galegos teñen menos de 5000 habitantes. O factor demográfico é un dos factores que interveñen na presenza ou ausencia dunha páxina web municipal. De feito, existe un salto especialmente pronunciado na barreira dos concellos de máis de 4000 habitantes. A presenza do municipio en internet nestes concellos está ao redor do 75%, mentres que os concellos con menos de 4000 habitantes dispoñen de sitio oficial na rede nunha porcentaxe próxima ao 25%.

Gráfico 2. Porcentaxe de páxinas en construción e inaccesibles durante o estudo




Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Das 150 páxinas analizadas, 14 eran inaccesibles (dando un erro sistemático) ou estaban nun proceso de construción ou remodelación no período de análise.

3.1 Páxinas web por provincias

No seguinte cadro pode observarse a porcentaxe de presenza de páxinas web en relación ao número de concellos de cada provincia:


Gráfico 3. Concellos con presenza en internet por provincias



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

As provincias da Coruña e de Pontevedra superan a barreira do 50% en canto á presenza de concellos na rede. É Pontevedra, con 42 de 62 concellos, a que alcanza a maior porcentaxe: 7 de cada 10 concellos pontevedreses están en internet.

Gráfico 4. Concellos con web por provincias




Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

A Coruña ten un número maior de concellos con páxina web (51 concellos), pero tamén ten o maior número de concellos de Galicia (94), polo que a porcentaxe apenas chega ao 60%, mentres que Pontevedra, en proporción, supera o 70%.

Finalmente Lugo, con algo máis dun terzo de concellos con páxina web municipal, e Ourense, cunha cuarta parte, son as provincias cun menor número de concellos con webs oficiais (25 e 24 respectivamente). De novo hai que subliñar o factor demográfico para explicar estas cifras, xa que tanto Lugo como Ourense (especialmente esta última) son as provincias con maioría de concellos por baixo de 5000 habitantes.

O gráfico número 5 serve perfectamente para ilustrar o visto ata agora. Todos os concellos de máis de 20 000 habitantes teñen páxina web oficial, así como 31 dos 38 concellos que segundo o Censo de Poboación e Vivendas de 2001 tiñan entre 10 000 e 20 000 habitantes. No outro extremo atópanse os concellos de menos de 5000 habitantes, cunha presenza en internet inferior ao 30%, aínda que a barreira estatística que separa a existencia ou non dun sitio oficial atópase nos 4000 habitantes, que xustamente é unha división case exacta do total de concellos.

Gráfico 5. Concellos con web por tramos de poboación




Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

3.2 Enderezos web, dominios e extensións

O seguinte cadro mostra a extensión dos enderezos web dos concellos galegos. Tanto a extensión *.com* como a extensión *.org* son as máis utilizadas para os dominios das webs municipais. Para o presente traballo, cando a páxina estaba albergada como subdominio nunha empresa de *hosting* ou casos similares (por exemplo albergada como subdominio da FEGAMP) contabilizouse como «Outras extensións». Existen casos de páxinas web co mesmo nome pero distintas extensións (por exemplo, o concello

das Pontes ten a extensión *.com*, pero tamén a *.org* e a *.net*) probablemente co fin de facerse cos dominios de nome similar e para facilitar que un usuario atope facilmente a páxina.

Gráfico 6. Extensión dos dominios: comparación Galicia-Asturias




Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Comparando este dato co traballo sobre os concellos asturianos podemos observar unha acusada diferenza na extensión dos dominios. En Asturias, a extensión *.es* é equivalente á que se dá como predominante en Galicia, a extensión *.com*. Porén, a extensión *.es* é, xunto coa extensión *.net*, a menos utilizada en Galicia (só por 13 concellos no caso da primeira e 12 no caso da segunda).

Como xa se comentou anteriormente, atopar un enderezo dunha web oficial de calquera concello non é doado porque non existe unha nomenclatura uniforme ou estandarizada dos enderezos web que nos leve á dita páxina, como efectivamente sucede en países próximos ao noso, como Portugal (*cm-[nome].pt*), Francia (*mairei-[nome].fr*) ou Italia (*comune.[nome].it*).

A metade dos concellos galegos utiliza o nome do municipio como enderezo da web (como por exemplo www.lalin.org), seguido


Gráfico 7. Estrutura de enderezos web



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

de lonxe polas formas «concellode+nome do concello» (como por exemplo www.concellodelugo.org) e «concello+nome do concello» (como por exemplo www.concellotui.org). Tamén se dá o caso de concellos con varias estruturas para a súa páxina web (por exemplo o concello de Narón: www.naronconcello.org / www.concello-denaron.org). É fácil pensar que atopar unha páxina web municipal non debe ser entón tan difícil, pero a unión destas tres formas coas extensións dos dominios municipais implica a existencia de múltiples posibilidades. Isto vese reflectido na seguinte táboa, onde se manexan 7 combinacións de enderezos municipais. A única coherencia mantense coas webs que teñan a extensión *.net*; neste caso as 12 webs municipais con esta extensión teñen a mesma estrutura no enderezo: *(nome).net*.

Gráfico 8. Tipos de dominio e extensión




Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

3.3 Idioma das webs

Dende o Observatorio analizouse tamén a utilización das linguas nas páxinas web dos municipios galegos. Os seguintes cadros mostran cal é o idioma inicial que aparece cando abrimos unha páxina web no índice. Descontando algunhas webs en construción, compróbase que unha gran maioría das páxinas ofrecen un primeiro saúdo en galego e algo máis dunha cuarta parte permiten ao usuario escoller o idioma que desexe para navegar polos contidos do sitio. Por último, un 25% das webs estudadas teñen como idioma exclusivo de inicio o castelán.

Gráfico 9. Idioma da páxina de inicio das webs oficiais dos concellos



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

O segundo cadro é significativo. Algo máis do 16% das páxinas web galegas (23 sitios oficiais) non dispoñen do galego como lingua de navegación.


As administracións locais aínda teñen que realizar un esforzo para que o galego estea presente en todas as páxinas oficiais. Ademais, a pesar de que non se analizou o grao de normatización do galego dos concellos (que, como mínimo, debería adecuarse ao estándar anterior ao aprobado a finais do ano 2003), en moitos casos púidose comprobar que ese grao era bastante baixo.

Gráfico 10. Presenza do galego nas webs municipais



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Gráfico 11. Presenza dun idioma único na web



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

O gráfico 11 representa a porcentaxe de páxinas web cun só idioma de navegación. Unha de cada tres páxinas oficiais en Galicia están nun só idioma, ben sexa galego, ben castelán, nunha porcentaxe moi similar aínda que cunha vantaxe para aqueles sitios en que o idioma único é o galego (29 webs fronte a 21 só en castelán). Comprobouse, ademais, que un número pequeno pero salientable de sitios oficiais presenta a posibilidade de elixir o idioma dos contidos, pero traducen só parte do material que presentan aos cidadáns, creando ás veces unha sensación de mestura de linguas que pode desconcertar a un visitante casual.

Os gráficos 12 e 13 mostran, por unha banda, a presenza de idiomas estranxeiros, sobre todo o inglés, nas webs municipais nunha de cada catro páxinas e, por outra, unha comparativa con Asturias. É salientable que, a pesar da pouca entrada do inglés nas webs municipais, o nivel de presenza deste idioma é sensiblemente superior á porcentaxe na comunidade veciña.

Gráficos 12 e 13. Presenza de idiomas estranxeiros nas webs municipais.
Comparación Galicia – Asturias





Fontes: Observatorio da Cultura Galega (2004) e Si-Loc@l (2003).

Cando un concello presenta o seu espazo virtual en internet debe ser consciente da necesidade de interiorizar o alcance global e universal desa actuación. A lingua inglesa está presente entre un 70% e un 90% de páxinas de internet, e os concellos deben ter en conta a posibilidade de traducir algunhas partes ou a totalidade do espazo web, sobre todo se o produto final destas páxinas, como ocorre no caso das webs galegas, ten un enfoque claro de promoción turística e de ocio.

Polo tanto, deberíase ter en conta a posibilidade de traducir, dependendo do peso demográfico do concello, toda a web ou só os contidos máis sensibles da web municipal (presentación da cidade e do alcalde, datos xerais, mapas, turismo, natureza, ocio e cultura).


PARTE II. ÁMBITOS TEMÁTICOS ANALIZADOS

4 INFORMACIÓN XERAL DO CONCELLO

Neste primeiro apartado analizouse a aparición de información de carácter xeral nas páxinas web do concello. Foi nesta sección onde se acadaron as cotas máis altas nos ítems analizados, porque se trata de información básica sobre o concello, a cal aparece de forma recorrente e estática na maior parte das webs estudadas.

Pódese comprobar que esta información imprime á web un carácter de escaparate do municipio que nos dá unha primeira impresión sobre el, ademais de servir, as máis das veces, como portal de información turística a posibles visitantes. O gráfico 14 describe que estas variables son as de maior presenza nas 150 webs estudadas. A pesar de todo, a información destes ítems é bastante simple, sobre todo no referente ás noticias, un apartado que, nalgúns casos, mostra un certo estado de abandono. O plano ou rueiro adoita ser tamén de certa simplicidade (aínda que existen algúns que son moi completos, mesmo en concellos demograficamente pequenos), así como a organización territorial do municipio (outra vez hai que falar dun número importante de webs que dedican un espazo significativo a describir con moito detalle cada parroquia, coas súas singularidades, patrimonio e festas, ou a describir os núcleos de poboación máis importantes, etc.).

Gráfico 14. Información xeral da web



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004)

Por outra banda, as fotografías teñen unha relevancia capital no deseño das páxinas, contando incluso a maioría delas con galerías ben coidadas e definidas tematicamente. Como se verá na sección de «Navegación, deseño e ferramentas», haberá que falar de páxinas web que contan con recursos gráficos ricos e detallados.


Ademais destas informacións, tamén son moi comúns outras que en principio non se incluíron na base de datos, pero que foron apuntadas nun apartado de incidencias dada a súa repetición ao longo do estudo. Estes ítems son, por exemplo, información sobre o clima do concello (que aparece nunha porcentaxe do 35,3%), datos socioeconómicos de carácter básico ou mesmo avanzado (34,7%), distancias quilométricas a outros puntos da xeografía galega ou do estado (16%), unha sección de personaxes ilustres do concello (algo máis do 12%) e, en 39 páxinas web das estudadas (un 26%), unha frase promocional que atraía a atención do visitante: «Un lugar para visitar» (Boiro), «Capital da arte

rupestre» (Campo Lameiro), «Meis, sabor a Galicia», «Perla das Mariñas» (Sada), etc.

En xeral, apréciase unha certa tendencia das páxinas webs oficiais dos municipios a posuír unha información cun enfoque turístico en detrimento dun enfoque cara ao cidadán ou ao residente habitual do concello. Este último enfoque aparece nunha menor cantidade pero adoita ser de maior calidade informativa, xa que neste grupo tamén é habitual referenciar información turística ou de ocio.

Dentro desta información xeral, hai algúns elementos de comparabilidade co estudo das webs asturianas de Si-Loc@l, que se mostran a continuación:

Gráfico 15. Información xeral. Comparativa Galicia – Asturias



Fontes: Observatorio da Cultura Galega (2004) e Si-Loc@l (2003).

Os datos que permiten unha certa comparabilidade entre o estudo das webs asturianas e este estudo revelan unha similitude na presenza de certos elementos informativos nas webs de ambas as comunidades, se ben se pode apreciar unha maior presenza informativa nos sitios web asturianos en categorías como a


historia ou, sobre todo, en como chegar ao concello (os accesos e vías de comunicación ao municipio dende outros lugares da comunidade ou do estranxeiro).

5 ENTIDADES E EQUIPAMENTOS DO CONCELLO

Neste apartado, máis que valorar cualitativamente o nivel de información sobre as distintas infraestruturas e entidades dos concellos con presenza na rede, procurouse atopar e cuantificar a aparición das ditas entidades e equipamentos.

Como ocorreu no apartado anterior, neste grupo de ítems tamén se recolleron novas variables que se ían repetindo ao longo do estudo e que non podían ser adscritas ás arriba mencionadas. As máis recorrentes son infraestruturas que teñen que ver coa restauración e a hostalaría (bares, pubs, restaurantes, cafetarías, etc.).

Gráfico 16. Información de entidades e equipamentos do concello nas webs oficiais



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Nas páxinas municipais a preocupación polo patrimonio arquitectónico ten unha importancia capital, prestando moitas destas webs unha importante porcentaxe do espazo da páxina oficial a este punto. O campo do patrimonio rupestre, relixioso e civil é o máis recollido ao longo de todo o estudo.

As páxinas web dos concellos prestan tamén unha atención especial aos aspectos turísticos do municipio. Os aloxamentos (máis do 60%) e a hostalaría/restauración (máis do 40%) son parte das infraestruturas que máis se repiten nas webs.

Tamén os equipamentos culturais (63%) aparecen nas webs municipais, pero en boa parte dos casos só nunha listaxe con apenas información dinámica. As infraestruturas culturais que máis se repiten son os centros socioculturais e as bibliotecas; en menor medida aparecen outras como teatros, auditorios, etc.

Dos aspectos inicialmente estudados, os que menos presenza teñen na rede son os museos e os xulgados. Hai que ter en conta que a non aparición dalgunhas entidades ou equipamentos en concellos determinados pode deberse a que realmente non existen (como pode ocorrer con estas dúas variables). Algo máis dunha cuarta parte das páxinas estudadas presentan referencias a oficinas municipais e centros sociais. As radios ou radiotelevisións municipais aparecen nun 12%, mentres que os parques empresariais ou polígonos industriais teñen presenza na rede nun 10% dos concellos estudados. Neste último aspecto cabe sinalar que, a pesar de ter menor relevancia, a información dos polígonos ou parques empresariais adoita ser bastante ampla.

Dúas categorías das estudadas neste apartado poden ser comparadas co estudo das webs asturianas: o «directorio de empresas do municipio» e os «polígonos industriais e centros de empresas». O seguinte cadro mostra o paralelismo existente entre Asturias e Galicia en canto á aparición cuantitativa destas variables:

Gráfico 17. Información de entidades e infraestruturas empresariais.
Comparativa Galicia – Asturias



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).


6 ORGANIZACIÓN INTERNA E INSTITUCIONAL DO CONCELLO

As categorías deste apartado pretenden cuantificar a presenza nas webs oficiais dos concellos do goberno e da administración municipal. Os resultados obtidos mostran que este tipo de información recibe un tratamento máis superficial e menos recorrente que outras variables consultadas. Canto máis profunda, actualizada e accesible sexa esta información máis interese se mostra no concello por achegar a política, os proxectos públicos e a actividade institucional aos cidadáns.

Ademais destas variables, foron detectadas outras que se repetían e que foron apuntadas no respectivo apartado de incidencias. Entre as máis repetidas están a descrición da corporación municipal (persoas dos distintos grupos políticos que conforman o panorama político do concello), que está presente nunha de cada catro webs estudadas; documentos como actas, resumos das comisións e outros (nun 10% dos sitios oficiais); os resultados electorais do concello (tamén presentes nun 10%); e a biografía ou currículo da figura do alcalde (nunha proporción bastante pequena: sete webs, un 4,7%).

O traballo das webs asturianas de Si-Loc@l analiza a porcentaxe de aparición da información institucional do concello. Esta cifrase nun 33%, mentres que nas páxinas galegas a porcentaxe sobe ata preto do 40%. Hai que ter en conta, porén, que o estudo das webs asturianas sinala que a información contabilizada está actualizada e é ampla, cousa que non sempre sucede nas páxinas galegas con información institucional.

Gráfico 18. Información institucional do concello



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

O saúdo do alcalde é, con diferenza, a referencia que máis se repite, sendo a única variable que supera o 50%. A razón desta elevada porcentaxe está na consideración desta variable como elemento indispensable ou moi importante na confección dos contidos dunha web municipal. De feito, durante o período de estudo algunhas páxinas en construción que estaban enchendo de contidos o sitio web reservaban un apartado para a saudación do alcalde. Os contidos do saúdo do alcalde teñen como eixe temático común as enormes posibilidades de internet como canle privilexiada de comunicación cos cidadáns que permite achegar a entidade local que preside o alcalde a toda a cidadanía.

Entre todas as webs que dispoñen de información institucional existe unha gran diferenza de calidade. Por exemplo, en categorías como os órganos de goberno, o organigrama ou a corporación municipal, a información pode variar entre unha listaxe máis ou menos completa de responsables ata unha breve descrición do traballo que realizan, enderezos, teléfonos ou correos de contacto, etc. Pódese falar, por unha banda, de concellos que achen a información institucional ao cidadán con claridade expositiva e con amplos contidos; por outra banda hai concellos que, dentro das súas posibilidades, realizan unha breve exposición dos datos institucionais básicos; e por último, nun numeroso grupo de páxinas web, a información institucional queda excluída ou relegada a un plano presencial.

7 FUNCIONES E SERVIZOS DO CONCELLO

Neste apartado, ademais dunha análise cuantitativa, realízase unha valoración cualitativa sobre o nivel de profundidade da información. Así pois, clasificouse cada un dos ítems que se analizaron como información *Nula*, *Básica/Moi básica* e *Útil/Moi útil*.


A información é «nula» cando non existe un apartado na web que reflecta a área que se analiza ou, no caso en que apareza, a información sexa practicamente presencial, como sucedeu nalgunhas páxinas en construción. A información «básica» ou «moi básica» dunha área concreta dá algúns datos sobre o funcionamento do servizo, o enderezo e contacto, algunhas actividades ou actuacións, responsables... a un nivel moi superficial. Non tiñan que darse todas estas circunstancias, pero si algunhas. A información «útil» ou «moi útil» engloba a maior parte dos datos anteriores a un nivel de extensión e profundidade maiores, incluíndose outros elementos informativos como descarga de documentos e trámites, enlaces especializados, etc. Como na anterior clasificación, non tiñan que darse todas as circunstancias, pero si unha gran parte.

O presente capítulo divídese en servizos por área, por sectores sociais e por servizos de carácter urbano. Nos gráficos, a información «básica ou moi básica» e a información «útil ou moi útil» diferéncianse polas cores azul e laranxa, respectivamente.

7.1 Servizos por área

Neste punto do estudo analizouse a presenza e profundidade de información de distintas áreas do concello dentro da web oficial. Os resultados sinalan unha clara tendencia das páxinas web a ofrecer contidos detallados en áreas de cultura, ocio e turismo. Xa foi mencionado anteriormente que un importante número de sitios oficiais dos concellos galegos na rede enfocan a súa información cara a un turista máis ca cara a un cidadán. O gráfico 19 confirma esa marcada tendencia promocional do concello. Os resultados tamén mostran unha situación de desatención en certas áreas que precisarían unha maior proxección por parte da administración, cousa que está comezando a suceder nalgúns concellos.

Gráfico 19. Funcións e servizos do concello por áreas. Calidade informativa



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Nesta categoría destacan o ocio e mais o turismo como dous factores presentes nas páxinas web dos concellos en maior cantidade e mellor calidade. As webs galegas están primordialmente dirixidas ao turista máis ca ao cidadán, como se pon de manifesto na comparación da área de turismo (cun 87%) e a de atención ao cidadán (con case un 21%).

O deporte e a cultura son outras dúas categorías con certa importancia nas webs galegas, superando a barreira do 50%. En concreto, a cultura presente nos concellos engloba principalmente as bibliotecas e casas de cultura, coa axenda e cos actos que se levan a cabo nestes centros, aínda que con desigual desenvolvemento en cada concello. Na terceira parte deste traballo analízase máis polo miúdo a información de carácter cultural das webs oficiais.

No outro extremo atopamos a saúde, a educación e a información sobre taxas e tributos, que teñen escaso desenvolvemento e ás que se lles presta pouca atención. Particularmente, cada páxina dálle máis ou menos prioridade a cada unha destas categorías segundo as súas necesidades.

En canto ao nivel de profundidade da información, só as áreas de ocio e turismo presentan un bo nivel de calidade e dinamismo dos seus contidos. Moi por detrás sitúase a área de cultura, cun 20% de webs con datos detallados ou moi detallados. E novamente as áreas de saúde e de taxas son as que menos presenza e utilidade teñen na rede; a información detallada pertence a cidades demograficamente importantes como Vigo ou A Coruña.


7.2 Servizos por colectivo social

Dentro da área de servizos sociais (que nas webs oficiais galegas alcanza unha presenza do 38%, cun 27,7% de información básica e un 10,3% de información útil ou detallada) analizouse a quen adoita dirixirse a información e a que nivel de profundidade.

Pódese comparar o nivel de aparición desta información específica por colectivos co dato do estudo das webs asturianas realizado por Si-Loc@l. Mentres en Galicia a información destes

colectivos alcanza o 38%, en Asturias a cifra é moi similar (35%), polo que os niveis cuantitativos da información son aceptables.

Gráfico 20. Funcións e servizos do concello por colectivos sociais. Calidade informativa



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Esta categoría recolle a información orientada a determinados sectores de poboación con necesidades específicas e determinadas. Os colectivos da infancia e xuventude, xunto coa terceira idade, son os colectivos que reciben maior atención nas webs municipais. A información para o colectivo dos discapacitados non chega ao 20% e na maioría das webs trátase de información básica (descripción de axudas ou servizos e algún modo de contacto).


A pesar de que a información referente ás mulleres está presente nunha de cada cinco páxinas web, esta adoita ter unha profundidade de contidos maior ca o resto (exceptuando a información dirixida á infancia e á xuventude). Unhas 12 páxinas oficiais presentan para este grupo de persoas unha sección con voz propia, con contidos ricos e amplos (axudas e subvencións, cursos, actividades, centros de atención...). De xeito similar, aínda que en proporción distinta, ocorre coa información dedicada á infancia e á xuventude.

7.3 Servizos urbanos

A pesar de que só un terzo dos concellos galegos podería ter poboación suficiente para posuír núcleos urbanos que xustificasen este apartado na análise das webs oficiais, decidiuse incluír

para indagar se a proporción de información básica e de información útil era menor ou maior.

Gráfico 21. Funcións e servizos urbanos do concello. Calidade informativa



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Dado o carácter rural de moitos concellos galegos, a función máis común no apartado de servizos urbanos é a de ambiente, aínda que este estudo analizou, ademais dos servizos, a información ambiental dos concellos utilizando esta variable, polo que é posible que exista algunha desproporción con respecto ao resto.

A pesar de que a información ambiental é a máis numerosa, son os servizos de urbanismo os que teñen unhas competencias máis detalladas, sobre todo pola presenza dos plans de ordenación urbana, algúns dos cales se poden descargar dende a páxina do respectivo concello, ademais de información e descarga de documentos para trámites relacionados co urbanismo do municipio. A vivenda e o tráfico son os servizos con menor desenvolvemento.


A proporción de información detallada parece ser bastante máis baixa que nos outros apartados deste capítulo, o que pode facer pensar que, en xeral, os servizos urbanos semellan ser os máis desatendidos de todas as funcións e servizos que ofrece o concello a través da rede.

8 NAVEGACIÓN, DESEÑO E FERRAMENTAS

A análise das webs oficiais dos concellos galegos engloba tamén a cuantificación de diversos ítems de deseño e utilidades de navegación, ferramentas que facilitan o movemento dentro das páxinas da web, axudas, etc. Un deseño práctico, sinxelo e intuitivo facilita a navegación e reduce enormemente o tempo de busca de contidos específicos.

Durante a análise das páxinas recolléronse outros ítems recorrentes ao longo do estudo. Entre estes, cabe destacar a firma do autor ou do responsable da creación ou deseño da páxina web (que se pode cifrar nun 41% das webs oficiais), avisos e recomendacións de navegación, así como créditos da páxina (22%), recursos gráficos (postais, fotos en 360°, webcams, etc., nun 16%), contadores de visitas (13,3%) e, tamén, a presenza da data ou hora en que se está navegando pola páxina (12%).

Gráfico 22. Elementos de deseño e útiles de navegación



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

As animacións (GIF animados, Flash...) están presentes no deseño das webs galegas cada vez en maior número e cunha calidade superior. Porén, algunhas veces as animacións dificultan a navegación sobrecargando a páxina de elementos en movemento

ou ralentizando o tempo de carga. Estes problemas de deseño atopáronse nun número reducido pero significativo de casos.

Unha de cada catro webs municipais permite a descarga de programas para visualizar documentos ou navegar pola páxinas do concello. Os enlaces ou programas máis usuais de descarga para visualizar documentos son o Winzip (programa que permite comprimir e descomprimir arquivos para que ocupen menos espazo) e o Acrobat Reader (programa para ler un formato de documentos PDF, moi utilizado sobre todo para os documentos oficiais de trámites e dos boletíns institucionais, revistas, etc.)³. Outros enlaces de descarga para visualizar correctamente a páxina oficial do concello son o Internet Explorer (navegador web) ou o Flash Player en páxinas que están realizadas con tecnoloxía de animación en Flash⁴.


A porcentaxe de actualización é de case un 23%, se ben non sempre é sinxelo coñecer se a páxina actualizou os seus contidos no último mes. En moitos casos non hai unha sección de noticias que se actualice, nin tampouco un apartado en que se indique con claridade a data da última actualización. Isto é significativo dende o punto de vista do dinamismo das páxinas oficiais. Non é doado resolver o nivel de actualización dun sitio web municipal porque a información que normalmente aparece é de carácter estático (información que non precisa de actualización e que non é demasiado sensible ao paso do tempo). Por último, só tres páxinas dispoñen de FAQ (*Frequently Asked Questions* – «Preguntas máis frecuentes»): A Coruña, Cambre e Viveiro.

3. O PDF de Adobe é un formato de documento portátil creado por Adobe Systems. Utiliza os corpos de traballo con estándares mundiais para a distribución e o intercambio de documentos electrónicos de forma segura e fiable (os documentos manteñen o mesmo aspecto, pódense abrir con calquera sistema operativo e pódense compartir sen problemas).

4. A tecnoloxía Flash, creada pola empresa Macromedia, permite crear e reproducir animacións audiovisuais de gran calidade e nitidez pero moi compactas, o cal é idóneo para este tipo de contidos en páxinas web, onde é esencial reducir ao mínimo o tempo de carga.

O gráfico 23 compara 3 ítems co estudo das webs asturianas de SI-Loc@l. Estamos un pouco por detrás en canto á utilización do mapa web e mais dun buscador, pero non así no aspecto multimedia.


Gráfico 23. Deseño e navegación. Comparativa Galicia – Asturias



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).


O estudo analizou tamén o nivel xeral de información que aparecía na web municipal dos concellos. Un 56% destas webs conteñen unha información básica ou moi básica, con datos sinxelos e planos, de escasa profundidade ou interese. Pola outra banda, só un 12% das webs teñen un contido moi útil para calquera cidadán ou turista que acceda á rede. Unha de cada catro webs municipais presentan unha información de certa utilidade en varias ou todas as súas seccións. A todas estas porcentaxes súmase un 8% de webs que se achaban en construción ou remodelación no momento de estudo.

Gráfico 24. Utilidade da información dos concellos galegos



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).


Gráfico 25. Velocidade estimada de carga web



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

A velocidade de carga é un dos ítems estudados que menos fiabilidade pode ter por diversas causas, como a dada pola imposibilidade de utilizar un programa informático que analízase o tempo de acceso ás webs. Todo isto provocou que se optase por analizar subxectivamente o tempo empregado en cargar as páxinas da web municipal no ordenador.

Gráfico 26. Facilitade de navegación das webs



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).


Un último ítem que se avaliou foi a facilidade que se tiña para navegar pola páxina web municipal: saber onde se está en cada momento, a presenza dunha barra de navegación con menús claros e atinxibles con facilidade, botóns de inicio e principio de páxina... Menos dun 10% das webs analizadas presentaba graves dificultades para navegar polas súas páxinas.

9 PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Neste punto do traballo analizáronse algunhas variables que teñen que ver coa participación da cidadanía no ámbito municipal. Internet debería servir tanto para ofrecer e difundir grandes cantidades de información como para que o usuario poida interactuar coa rede. Cómpre que unha páxina oficial sexa bidireccional para que a información non vaia nunha soa vía, sen a retroalimentación axeitada. A páxina do concello debería converterse nunha plataforma de intercambio de informacións, comentarios e suxestións, e o concello, pola súa vez, debería ser capaz de responder correctamente ás peticións formuladas dende as vías que el mesmo ofrece para dar así unha sensación de proximidade cos temas que afectan á cidadanía.

O estudo non realizou, por falta de tempo, unha proba para coñecer o nivel de atención municipal vía internet utilizando os recursos presentes neste punto e os correos ao concello, presentes tamén nun importante número de webs municipais (algo máis de 120 das 150 páxinas estudadas).

Gráfico 27. Ferramentas de participación cidadá



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

A participación cidadá é un dos puntos máis febles da administración local galega. Tan só os formularios de suxestión e cartas á alcaldía son bastante comúns, alcanzando case o 35%

Porén, cómpre contextualizar e comparar este dato pesimista co de diversas análises de webs oficiais de concellos de toda España cun gran número de habitantes para percibir unha desatención xeneralizada incluso nestes concellos.

Tamén son importantes os foros, nos que a pegada da emigración aparece a pouco que se analizan os contidos dos fíos (temas dos foros) ou os dos libros de visita. Os concellos deberan tomar nota deste aspecto e organizar seccións dentro da web para o contacto coa emigración. Actualmente só uns poucos concellos teñen un servizo semellante.

Outras formas de participación cidadá, como os libros de visitas ou chats, son moi pouco utilizadas nos concellos e tamén pouco utilizadas polos cidadáns. Talvez esta afirmación é menos probable nas enquisas, que pola súa facilidade de acceso (normalmente están na páxina de inicio ou nunha páxina principal de sección) e a súa rapidez para cubrir (un par de pulsacións de rato) resultan máis atractivas e máis utilizadas polos visitantes. Os temas das enquisas varían en cada concello. En municipios como Vigo trátanse temas xerais sobre a programación de festas, infraestruturas, urbanismo, colectivos sociais... En concellos máis pequenos trátanse temas sobre datas concretas para unha festividade, sobre quen debe ser galardoado como personaxe ilustre, sobre competicións deportivas...

Atopáronse outras solucións interesantes de participación en concellos concretos. Este é o caso, por exemplo, de Rianxo, que dende a súa web permite que un cidadán poida publicar artigos ou reportaxes relacionados co municipio, o club de Beariz ou os correos personalizados de certos concellos como Ponte Caldelas ou Caldas de Reis, entre outros.


10 ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Internet é unha canle que permite que a xestión administrativa poida ser máis rápida e menos custosa, pero o desenvolvemento de servizos en liña é algo que vai máis alá da simple infor-

mación sobre a organización; resulta máis complexo e require redeseñar procedementos administrativos e reorganizar diversos servizos.

No caso galego, a administración electrónica é outro dos aspectos menos coidados nas webs municipais. Só un 23% das páxinas permite a descarga dalgún documento que debe cubrirse e entregarse no concello. E tan só o 4% das webs xestionan algún tipo de trámite en liña. En canto a este último grupo, os trámites que poden utilizarse dende a rede son instancias electrónicas (como ocorre no caso de Vilanova de Arousa), inscrición en cursos municipais para veciños (como por exemplo un curso de informática no caso de Avión), a domiciliación de datos bancarios (como no caso do concello de Carballo), etc. Destacan, entre todos estes, os numerosos trámites en liña dispoñibles para os veciños de Vigo e da Coruña. Ambos os dous concellos son os únicos que, no período de estudo, permitían o pagamento de trámites económicos mediante tarxeta de crédito, trámites en liña do NIF ou do CIF, etc.

Gráfico 28. A e-Administración galega: descarga de trámites e trámites en liña



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

Volvendo á posibilidade da descarga de arquivos para realizar trámites no concello, escolléronse os seguintes ámbitos temáticos:

a) Administrativos.

- Trámites relacionados cun negocio (apertura, cambio de titularidade...).
- Os relacionados co tráfico ou co transporte (por exemplo, licenza de pasaxe permanente).
- Trámites sobre ambiente (trámites sobre animais, solicitude do «punto limpo»...).
- Trámites relacionados co ámbito social (trámite de rexistro de asociacións, inscricións no rexistro de unións de feito...).
- Trámites relacionados con ocio ou festas (solicitude de utilización de infraestruturas, para anuncios en columnas ou carteis municipais...).
- Trámites do censo ou do padrón (altas, baixas, cambios, etc.).
- Trámites relacionados co ámbito de obras e urbanismo (conducións de auga, sumidoiros, licenzas, obras, etc.).
- Impresos xerais.
- Outros.

b) Informativos.


- Descarga de arquivos para solicitar información de calquera tipo ao concello.
- Arquivos ou formularios de aviso ou denuncia ou notificación ao concello.

c) Económicos.

- Trámites de carácter económico.

Practicamente todos os documentos para descargar presentaban un formato pdf ou Word para Windows (Office), sendo o primeiro formato o máis común.

Gráfico 29. Trámites de descarga



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).


Na descarga de arquivos, os trámites que as webs municipais manexan máis refírense a servizos urbanísticos (licenza de obras, apertura de establecemento, edificación privada...). Unha de cada dez páxinas dos concellos poñen tamén a disposición do cidadán un impreso para instancias xerais, un documento xenérico que cobre diversos trámites administrativos, así como aqueles relacionados cos negocios e os que permiten realizar actividades relacionadas co ocio, coas festas ou coa animación. Os trámites relacionados co ambiente, co tráfico e transporte e co ámbito social son os menos numerosos.

Os trámites económicos permitidos son escasos (domiciliación de facturas, pagamentos en liña en Vigo e na Coruña, certificados tributarios...), chegando case ao 7%.

Comparando os resultados co estudo das webs asturianas, os resultados ofrecen novamente un resultado similar pero sensiblemente menor para o caso galego. Cómpre recordar que os trámites administrativos ou os económicos permitirían reducir o

tempo e os pasos dos cidadáns, como xa se comeza a percibir en concellos galegos de máis de 100 000 habitantes.

Gráfico 30. Descarga de trámites. Comparación Galicia – Asturias



Fonte: Observatorio da Cultura Galega (2004).

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

O estudo determina unha apreciable presenza dos concellos galegos na rede. A devandita presenza está fortemente condicionada por factores que, en moitos casos, limitan a capacidade e calidade informativa que albergan as webs oficiais municipais, sendo conveniente unha mellor adecuación e esforzo para paliar a situación actual e achegar as cifras deste estudo a outros concellos de comunidades próximas á nosa. Detectouse tamén un déficit en canto aos niveis de interacción municipal co cidadán que poderían ser facilmente arranxables cunha actuación efectiva dos concellos.

A continuación reproducense algúns posibles factores que limitan as actuacións e condicionan a situación existente:

- A poboación dos municipios condiciona a web en canto á dispoñibilidade dos recursos económicos, humanos e de material que son precisos para desenvolver accións,

páxinas e contidos. Existen excepcións a este factor, como ocorre co exemplo das páxinas web dos concellos de Vilar de Santos, Laxe ou Mazaricos, que a pesar de ter unha poboación reducida presentan contidos útiles para os cidadáns.

- A vontade política do concello por mellorar a administración electrónica. Sen ese interese dos responsables políticos por conseguir que a cidadanía atope nesta nova vía un ámbito de participación máis efectiva non se ha producir ese agardado salto cualitativo e mellora da administración electrónica. No estudo apreciouse un certo aumento desta vontade que, porén, aínda require un pulo maior para alcanzar un nivel aceptable de implantación.
- Outro é o factor institucional de carácter supramunicipal (como o Estado ou sobre todo a Unión Europea), que pode condicionar a mellora dunha páxina web grazas a un proxecto de administración electrónica. Algunhas propostas presentes na rede, como o novo proxecto de Cidades Dixitais, son un bo exemplo que representa un salto cualitativo no deseño e contidos das webs oficiais. A pesar de todo, estes proxectos deberían manterse no tempo ou polo contrario poderían perder toda a vitalidade inicial, como pasou en case todos os concellos do antigo proxecto de Cidades Dixitais. A modo de conclusión, este estudo vai tentar bosquejar algunhas posibles propostas de actuación para mellorar a situación actual. Ante todo a recomendación básica sería a de manter un bo nivel de deseño, de estrutura e de coherencia nos contidos, para así mellorar a transparencia, a eficiencia, minimizar esforzos e mellorar a accesibilidade das páxinas oficiais:
- Sería máis eficiente unificar o nome e extensión das páxinas web dos concellos (como ocorre en Francia, Portugal ou Italia). Tamén, na medida do posible, debe-

ría unificarse minimamente o formato e a disposición dos contidos para que sexan útiles, accesibles, simples e intuitivos. Existen algunhas guías de boas prácticas e recomendacións para o deseño de webs institucionais (en particular de concellos); algunhas destas guías aparecen no apartado de bibliografía e están dispoñibles en internet.

- Debería investirse máis no deseño e renovación da web tendo en conta criterios de usabilidade e accesibilidade. As vantaxes dun concello que posúe un espazo virtual onde resolver trámites burocráticos e dúbidas sinxelas son que facilitan e melloran a canle comunicativa cidadán-concello e aseguran unha axeitada retroalimentación de información.
- Debería fomentarse a web como ferramenta de comunicación concello-cidadán en ambos os dous sentidos, mellorando e sistematizando as posibles necesidades da poboación.
- Debería mellorarse e personalizarse a información que se lle dá ao cidadán, dando así unha sensación de achegamento. Algunhas propostas xa en funcionamento nalgúns concellos son espazos persoais dentro da web oficial do concello, contas de correo, formularios de petición de información ou notificación que resulten funcionais e de rápida resposta, etc.
- Deberían coidarse os contidos da web dentro duns niveis de calidade aceptables. No apartado de bibliografía coméntanse tamén algúns traballos que afondan neste punto.
- Outro punto importante que deben ter en conta os concellos é a promoción da páxina web en distintos eidos locais, estatais e internacionais, así como na propia rede. Unha maior presenza do concello en internet achegará un aumento no número de visitas e nas posibilidades de visibilidade. É importante que o deseño da páxina e mais a imaxe que se proxecte do concello sexa

axeitada. Unha boa idea sería tomar como exemplo algunhas webs empresariais para facerse con algunhas das súas estratexias e modelos comunicativos, de promoción e de mercadotecnia.

- Deberíase dar o salto definitivo á administración dixital; as expectativas da cidadanía son cada vez maiores. Tanto a Administración central como a Xunta de Galicia están a implantar novas medidas e actuacións que, nun curto espazo de tempo, mellorarán a situación actual.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES SECUNDARIAS

- CONFEDERACIÓN DE LA VEGA BAJA (2003): «Los Municipios de La Vega Baja en la red», CONVEGA (<http://www.convega.com/vbd/vbdden.html>).
- CONSUMER.ES (2004): «CONSUMER analiza las páginas web municipales de 52 ciudades» (http://www.consumer.es/web/es/derechos_del_consumidor/productos_a_debate/2004/12/16/113797.php).
- CRiado, J. I. e RAMILO, M. C. (2001): «e-Administración, ¿un reto o una nueva moda? Problemas y perspectivas de futuro en torno a internet y las tecnologías de la información y la comunicación en las administraciones públicas del siglo XXI» (este artículo pódese consultar no seguinte enlace: http://www.ivap.euskadi.net/r61-2347/es/contenidos/informacion/rev_vasca_adm_publ/es_3822/adjuntos/ramilocriado.pdf).
- DUARTE DOS SANTOS, L. & MARTIS DO AMARAL, L. A. (2003): «Qualidade da Presença na Internet das Câmaras Municipais – Ranking Gávea / Inter.face 2002, Gávea – Laboratório de Estudo e Desenvolvimento da Sociedade da Informação do Departamento de Sistemas da Informação da Universidade do Minho e Cadernos inter.face do Grupo Algébrica, Lisboa» (pódese consultar no enlace: <http://www2.dsi.uminho.pt/gavea/projectos/estudos2.htm>, xunto con outras obras de interese dos mesmos autores).
- EL PAÍS (2004): «IV Radiografía de “webs” municipales», *Ciberpaís* (xoves 24 de xuño de 2004, número 323).
- FICYT – DEPARTAMENTO SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN (2003): «Primer análisis de las webs de los Ayuntamientos asturianos» (pódese consultar no enlace: <http://www.silocal.org/aytos>).
- FUNDACIÓN AUNA (2004): *Informe e-España 2003* (Anexo 16: «La e-Administración»).
- GONÇALVES VICENTE, Â. (2005): «A atención municipal vía Internet na Galiza... é de calidade?». (Inédito).
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2003): *Galicia en cifras. Anuario 2002*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

NUNO OLIVEIRA, J.; DUARTE DOS SANTOS, L. e MARTINS DO AMARAL, L. A. (2003): «Guia de Boas Práticas na Construção de Web Sites da Administração Directa e Indirecta do Estado, Laboratório de Estudo e Desenvolvimento da Sociedade da Informação, Universidade do Minho, Guimarães» (pódese consultar no seguinte enlace: http://www.unic.gov.pt/UMIC/CentrodeRecursos/Publicacoes/guia_boas_praticas.htm).

OUTRAS FONTES

- www.vieiros.com (portal galego e buscador para atopar un importante número de webs oficiais de concellos galegos).
- www.google.com (Buscador).
- www.galiciadixital.com (Portal dixital de Galicia en internet).
- www.concellos.info (Buscador de información dos concellos).
- www.ibercultura.com (Portal de turismo de España).
- www.map.es (Ministerio de Administracións Públicas).
- <http://www.xunta.es/conselle/xi/index.htm> (Consellaría de Xustiza, Interior e Administración Local).
- www.fegamp.es (Federación Galega de Municipios e Provincias).
- www.eidolocal.es (Portal dos Concellos de Galicia).
- www.dicoruna.es (Deputación da Coruña).
- www.diputacionlugo.org (Deputación de Lugo).
- www.depourense.es (Deputación de Ourense).
- www.depontevedra.es (Deputación de Pontevedra).
- www.lugonet.com (Portal de concellos de Lugo).
- www.finisterrae.com (Portal de concellos de Fisterra).
- www.cidadesdixitais.com (Portal de concellos do proxecto Cidades Dixitais).
- <http://www.crtvg.es/concellos/entradaflash.htm> (Información dos concellos da Compañía de Radiotelevisión

Galega; a información de cada concello é bastante útil e incluso existe unha axenda cultural actualizada).

- <http://www.silocal.org/index.php?i=s6> biblioteca de SI-Loc@l (proxecto da Iniciativa Comunitaria EQUAL, cofinanciado pola Unión Europea e a Consejería de Educación y Ciencia do Goberno do Principado de Asturias. Este enlace correspóndese coa biblioteca e varios informes sobre a e-Administración, novas tecnoloxías, etc.). A páxina principal é: www.silocal.org
- www.convega.com/vbd/vddiagn.html (Estudo sobre os municipios da Vega Baja na rede; a páxina da comarca, www.convega.com, dá información complementaria).
- <http://www.fmcnet.org/> (Federación de Municipios e Provincias de Cataluña).
- <http://www.cat365.net/inici/default?> (Portal das Administracións Públicas de Cataluña).
- <http://www.w3.org/WAI/> (Web Accessibility Initiative).
- www.tawdis.net (Programa de Test de Accesibilidade Web, lexislación e bibliografía).

ANEXO

LISTA DAS PÁXINAS WEB OFICIAIS DOS CONCELLOS POR PROVINCIAS
(xaneiro-abril de 2004)

Concello	Enderezo web
A CORUÑA	
Ares	www.concellodeares.com
Arteixo	www.arteixo.org
Bergondo	www.concellodebergondo.com
Betanzos	www.betanzos.net
Boiro	www.boiro.org
Boqueixón	www.boqueixon.com
Brión	www.concellodebrión.org
Cabana de Bergantiños	www.concello-cabana.es
Camariñas	www.camarinas.net
Cambre	www.cambre.org
Carballo	www.concellocarballo.org
Cariño	www.concellocarino.org
Carnota	www.concellocarnota.com
Carral	www.carralconcello.info
Cedeira	www.cedeira.org
Cee	www.finisterrae.com/concello/cee.htm
Cerceda	www.ayuntacerceda.com
Corcubión	http://finisterrae.com/concello/corcubion.htm
Coristanco	www.arrakis.es/~coristan
Coruña, A	www.aytolacoruna.es
Culleredo	www.ayuntamientoculleredo.es
Curtis	www.concellodecurtis.com
Dumbría	www.dumbria.com
Fene	www.fene-concello.org
Ferrol	www.ferrol-concello.es
Fisterra	www.finisterrae.com/concello/fisterra.htm
Frades	www.concellofrades.org
Laracha, A	www.concellolaracha.com
Laxe	www.concelloelaxe.com
Malpica	www.concellomalpica.com
Mazaricos	www.mazaricos.net
Melide	www.melide.org
Moeche	www.concellodemoeche.com

Concello	Enderezo web
Monfero	www.monfero.com
Mugardos	www.mugardos.net
Muros	www.muros.net
Muxía	www.concellomuxia.com
Narón	www.naronconcello.org
Negreira	http://welcome.to/negreira
Oleiros	www.oleiros.org
Ordes	www.concellodeordes.com
Oroso	www.concellooroso.com
Ortigueira	www.concellodeortigueira.com
Ponteceso	www.ponteceso.net
Pontes de García Rodríguez, As	www.aspontes.com
Porto do Son	www.portodoson.net
Rianxo	www.rianxo.com
Ribeira	www.riveira.com
Sada	www.concellodesada.com
Santa Comba	www.santacomba.net
Santiago de Compostela	www.santiagodecompostela.org
Somozas, As	www.concellodeassomozas.com
Teo	http://concellodeteo.com
Tordoia	www.tordoia.es.vg
Valdoviño	www.concellodevaldovino.com
Vimianzo	www.vimianzo.net
LUGO	
Antas de Ulla	www.concellodeantasdeulla.com
Burela	www.burela.org
Castroverde	www.concellodecastroverde.com
Cervo	www.concellodecervo.com
Folgoso do Courel	http://webcaurel.fegamp.es
Fonsagrada, A	www.fonsagrada.org
Foz	www.concellodefoz.org
Friol	http://lugonet.com/friol
Guntín	www.concellodeguntin.com
Lugo	www.concellodelugo.org
Mondoñedo	http://cmondonedo.fegamp.es
Monforte	www.cidadesdixitais.com/servlet/sum.MarcoServlet?P0=LEDemo&P1=LEDemo&P4=LEMO
Monterroso	http://lugonet.com/monterroso/
Nogais, As	http://lugonet.com/asnogais/
Palas de Rei	www.palasderei.com
Paradela	http://galiciadigital.com/instituciones/Paradela/

Concello	Enderezo web
Quiroga	www.concellodequiroga.com
Rábade	www.rabade.org
Ribadeo	www.ribadeo.org
Saviñao, O	www.concellodosavinao.com
Sober	www.concellodesober.com
Vicedo, O	www.concellodovicedo.org
Vilalba	www.vilalba.org
Viveiro	www.viveiro.es
OURENSE	
Allariz	www.allariz.com
Avión	www.concelloavion.org
Barbadás	www.barbadas.com
Beariz	www.beariz.org
Carballiño, O	www.carballino.org
Celanova	www.celanova.es
Cenlle	www.concellodecenlle.com
Chandrexa de Queixa	www.concellodequeixa.org
Coles	www.concellodecoles.org
Gudiña, A	www.conso-frieiras.org/gudina/index.html
Lobios	www.lobios.org
Merca, A	www.amerca.org
Mezquita, A	www.conso-frieiras.org/amezquita/index.htm
Montederramo	www.montederramo.net
Nogueira de Ramuín	www.readysoft.es/home/cnogueira/
Ourense	www.ourense.es
Ribadavia	www.ribadavia.com
Riós	www.conso-frieiras.org/rios/index.html
San Cibrao das Viñas	www.sancibrao.com
Veiga, A	www.concellodeaveiga.com
Verín	www.verin.net
Vilar de Santos	www.vilardesantos.com
Vilardevós	www.vilardevos.org
Vilariño de Conso	www.vilarinodeconso.org
Xinzo de Limia	www.xinzodelimia-ayto.com
PONTEVEDRA	
Baiona	www.baiona.org
Bueu	www.bueu.org
Caldas de Reis	www.caldasdereis.com
Cambados	www.concello-cambados.com
Campo Lameiro	www.campolameiro.com
Cangas	www.cangas.org

Análise das webs municipais galegas

247

Concello	Enderezo web
Catoira	www.catoira.es
Cerdedo	www.cerdedo.org
Cuntis	www.concellodecuntis.com
Estrada, A	www.aestrada.com
Forcarei	www.forcarei.net
Grove, O	www.turismogrove.com
Guarda, A	www.concellodaguarda.com
Illa de Arousa, A	www.ailladearousa.org
Lalín	www.lalin.org
Lama, A	www.concellodalama.com
Marín	www.concellodemarin.es
Meaño	www.concellodemeano.com
Meis	www.concellodemeis.com
Moaña	http://moana.patentes.com/gl/concello/index0.html
Moraña	www.morana.org
Neves, As	www.asneves.com
Nigrán	www.nigran.org
Oia	www.ayuntamiento-oia.com
Poio	www.concellodepoio.es
Ponte Caldelas	www.pontecaldelas.org
Ponteareas	www.ponteareas.org
Pontevedra	www.concellopontevedra.es
Porriño, O	www.porrino.com
Portas	http://concelloportas.fegamp.es/
Redondela	www.concelloreondela.org
Ribadumia	www.ribadumia.org
Rodeiro	www.rodeiro.com
Rosal, O	www.concellodorosal.es
Salceda de Caselas	www.salcedadecaselas.org
Sanxenxo	www.sanxenxo.org
Silleda	www.concellodesilleda.com
Soutomaior	www.soutomaior.com
Tomiño	www.concellotomino.com
Tui	www.concellotui.org
Valga	www.valga.org
Vigo	www.vigo.org
Vilaboa	www.vilaboa.org
Vilagarcía de Arousa	www.ivilagarcia.com
Vilanova de Arousa	www.vilanovadearousa.com